

### ACTA UNIDADE TECNICA

#### **CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE MAQUETACIÓN, EDICIÓN E DISTRIBUCIÓN DO PROGRAMA OFICIAL DE FESTAS SAN FROILÁN 2024. EXPTE. REF. 2024-C003-000030. apertura ofertas**

Sendo as 9:150 horas do día 5 de setembro de 2024 no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), reúnese a Unidade Técnica constituída por:

- dona Ana Tabares Martinez Tecnico do servizo do Servizo de Contratación e Patrimonio.
- dona Gema Vazquez Rey, técnica do servizo de Intervención municipal.

Abre a sesión a Presidenta e procédese a dar conta aos seus membros das ofertas presentadas de forma telemática a través da plataforma de licitación electrónica LECOL: **PRODUCCIONES MIC**

Procedese a continuación á apertura do arquivo ÚNICO que conteñen os anexos de declaracións responsables - que resulta correctos sendo admitida a licitación a empresa presentada - e a oferta económica , co seguinte resultado:

**Propón como cantidade a aboar ao Concello o importe de 300 euros anuais como contraprestación pola explotación da publicidade no programa de festas.**

Á vista do cal a Unidade Técnica selecciona como oferta economicamente máis vantaxosa , a oferta presentada por PRODUCCIONES MIC CIF B 24301871 por ser a unica oferta presentada.

Compróbase que a devandita licitadora esta inscrita no ROLECE polo que pode acreditarse o cumprimento de diversos requisitos para contratar, tales como que a empresa está debidamente constituída e que as prestacións obxecto do contrato están comprendidas dentro dos seus fins e obxecto social e que ten poder bastante para formular a oferta.

Porén non figuran no devandito Rexisto máis datos, polo que se lle require para que no **prazo máximo de 7 días hábiles** desde o envío deste requirimento, presenten no Rexistro Xeral do Concello a través da Sede electrónica: <https://www.lugo.gal/portal/tramites/x100>, ou no Rexistro Electrónico da Administración Xeral do Estado ou de calquera Administración Pública dirixido ao Concello de Lugo (Servizo de Contratación) a seguinte documentación \*(véxase a salvidade no caso de garantía definitiva constituída mediante aval ou seguro de caución) e a documentación que a continuación se relaciona:

**Contratación e Patrimonio**

ATM/cml

Refº: ispac5618733971480886229.doc

Asunto:

- Certificado de alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto deste contrato e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas 2023

- Certificación positiva de atoparse ao corrente das obrigas coa Seguridade Social.

- Certificación positiva de atoparse ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos aos contratos, presentarse, previamente á formalización do contrato administrativo **certificación da Compañía de Seguros conforme o seguinte modelo:**

A Compañía de Seguros ..... con NIF ..... <b>CERTIFICA:</b>
1.- Que a empresa ..... con NIF ..... ten contratada con esta compañía a póliza de seguro co número ..... con efecto dende o día..... e vencemento ..... e que se atopa ao corrente do seu pagamento.
2.- Esta póliza de seguro ten as seguintes coberturas e límites/sublímites:
<input type="text" value="Responsabilidade civil."/>
3º.- Este seguro cubre a responsabilidade civil pola actividade obxecto do contrato consistente en:
<input type="text" value="Servizos de edicion e distribución"/>

**O que se lle notifica aos licitadores con indicación de que contra estes acordos da Unidade Técnica** poderán interpor os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 09:30 horas.

A técnico do servizo de contratación

A Técnico de Intervención

(sinatura dixital)

Asdo.: Ana Tabares Martinez

Asdo.: Gema Vazquez Rey